



CURIOSIDADE DE NOVEMBRO: OS FIEIS DEFUNTOS (CASTREXOS). O MUNDO FUNERARIO NA CULTURA CASTREXA.



Puñal de antenas, obxecto relacionable con deposicións acuáticas de tipo funerario.



Posible enterramento castrexo atopado no castro de Castriño de Bendoiro, en Lalín.



Este mes de novembro lembramos aos nosos defuntos. Igual ca nós, as sociedades do pasado honraban e tiñan presentes os seus mortos, e os castrexos non eran unha excepción. Dende sempre, chamou a atención aos investigadores a invisibilidade do mundo funerario da cultura castrexa: miles de poboados documentados, e nin unha soa necrópole contrastada. Por outra banda, a gran acidez do solo galego non axuda ao avance da investigación neste campo. Suxírense varias posibilidades para a xestión dos corpos dos defuntos (descarnación, incineración, cultos relacionados coas augas,...), pero sen que poidamos aseverar con rotundidade cal era o ritual funerario usado na Galicia castrexa.

Podedes pedir máis información sobre este tema na caseta de acceso ao xacemento.